

# Concello de Vimianzo

## MINUTA-BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DE VIMIANZO DE DATA 01/03/2013

Na vila de Vimianzo, ás nove horas e trinta minutos do día un de marzo de dous mil trece, na sala de sesións da casa do Concello, constitúese en primeira convocatoria o Pleno do Concello ó obxecto de levar a cabo a sesión extraordinaria convocada para este día.

A convocatoria desta sesión plenaria de carácter extraordinario responde á solicitude presentada no Rexistro Xeral o 19/02/2013 (RE 1128) e asinada polos concelleiros D. Juan Carlos Amado Sambade e D. José Manuel Pérez Trillo, do PP; D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez, D. Manuel Soto Pérez e D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé, de IxV.

Asisten os seguintes membros:

D. Manuel Antelo Pazos, alcalde  
D. Fernando Mancebo Amigo  
D. Anselmo Ramos Martínez  
D. José Manuel Rodríguez Blanco  
D.<sup>a</sup> Montserrat Vázquez Miñones  
D. Manuel Soto Pérez  
D.<sup>a</sup> Mónica Rodríguez Ordoñez  
D.<sup>a</sup> María Carmen Hermida Tomé  
D. José Manuel Perez Trillo  
D. Juan Carlos Amado Sambade

Ausentes:

D.<sup>a</sup> María José Ramos Rey  
D. José Antonio Miñones Riveiro

Secretaria accidental: D.<sup>a</sup> Ivanna Vidal Domínguez, por Resolución da Alcaldía núm. 252 de data 28 de febreiro de 2013

Interventor accidental: D. José Domingo Rodríguez Ferreira, por Resolución da Alcaldía núm. 251 do 28 de febreiro de 2013.

De seguido comézase coa deliberación dos asuntos da Orde do Día.

### DELIBERACIÓNS

#### 1. Solicitude ós concellos de Camariñas, Zas, Dumbría e Muxía, de adopción de acordos plenarios manifestando o seu apoio para que Vimianzo conte coa base de emerxencia

A secretaria accidental dá conta de que na Comisión Informativa de Réxime Interior, Seguridade, Servizos e Asuntos Xerais, do 26 de febreiro de 2013, non se adoptou ningún acordo xa que se quedou á espera da reunión que se ía ter lugar na Xunta de Galicia.

A continuación intervén o Sr. Alcalde para dicir que na Comisión coincidimos todos os grupos coa proposta e estabamos á espera da xuntanza que se tivo lugar na Xunta de Galicia. Desá xuntanza saímos bastante decepcionados dado que xa pecharon o mapa de emerxencias sen deixar ningún tipo de porta aberta para incluír Vimianzo e anulando o Grumir de todos os concellos. A única posibilidade está en que se algún concello renuncia, Vimianzo pode incluírse nese mapa de emerxencias. Isto demostra que ese mapa non se sustenta en criterios racionais, xa que os criterios van en función do tempo, por zonas, para chegar a atender ás persoas e se algún concello non pode asumir a base de emerxencia romperse ese criterio.

Por último propón adoptar este acordo e convocar unha xunta de voceiros para o luns as 10 da mañan para abordar este asunto.

De seguido intervén o Sr. Rodríguez Blanco para dicir que están de acordo en manter esa Xunta de voceiros.

C

O concelleiro de IxV, o Sr. Soto Pérez indica que antes de estar con vostede onte pola tarde non escoitara as declaracións do alcalde na radio, que considera que son para poñerse a temblar.

O

Pídelle o Sr. Alcalde que se axuste á orde do día.

O Sr. Soto Pérez indica que está falando dos puntos da orde do día. Quere aclarar que o Sr. Alcalde dixo que se convocaron dous Plenos, porque a oposición quería cobrar dúas veces, e o seu grupo no comezo da lexislatura, propuxo que tiveran lugar os Plenos cada mes, e que as dietas que se tiñan que cobrar que foran o 50%, por tanto non suporía un gasto a maiores.

P

O Sr. Alcalde, pídelle que se axuste á orde do día.

O Sr. Soto Pérez, pídelle que rectifique as palabras que dixo o Sr. Alcalde no día de onte.

O Sr. Alcalde indicalle que se non se axusta a orde do día, e vai ter que retirarlle a palabra.

I

Segue o Sr. Soto Pérez para dicir que a xuntanza que tivo lugar na Xunta de Galicia, non foi como se esperaba, xa que esperabamos ter unha mellor acollida. Sentíronse moi mal dado que os traballadores non poideron participar na xuntanza. Considera que parten duns datos que son inexactos, por tanto terase que facer un traballo técnico para desmontar esa situación. Se se parte das isocronas, partindo de dous puntos do mapa e din que dende Cee chegan en 15 minutos a Vimianzo, pode ser certo, pero o que está claro é

A

que a Cereixo non o poden facer nese tempo, e a Xaviña tampouco, que tamén está afectada por esta situación. Considera que Vimianzo cumpre todos os requisitos para ser o centro do GES. Onte dixeron que os alcaldes apoian de boca pero non con feitos. Píde que o goberno municipal se implique nesta cuestión e incluso lle pide os concelleiros do PSdeG-PSOE que lle pidan a Dumbria e Muxía que apoien a Vimianzo como destino, xa que con iso saen beneficiados todos os concellos. Vimianzo é a localización idónea.

Indica que o luns parécelle ben que teña lugar a xuntanza de voceiros, pero deberíase plantexar unha postura con criterios técnicos e coas famosas isocronas e os círculos dende Carballo e Cee, ir sinalizando os sitios aos que se chegaría no tempo que eles dín e con cor vermello aos sitios os que non se chegaría nese tempo. Segue para dicir que é consciente que o GRUMIR sae máis de 120 intervencións ao ano, o que pasa é que a Xunta ten un sistema de reconto a través do 112 e califican as situacións segundo uns baremos de gravidade na intervención, pero non se dan conta que cando o grumir chega rápido a esa situación e a solventan rapidamente, soluciónase en menor tempo e por tanto o que podería ser unha situación de moito risco deixa de selo.

P

Propón que dende o goberno se encargue un informe a expertos na materia e que se dea soporte técnico a nosa reivindicación. Segue dicindo que se ten a razón, hai naves, persoal, a centralidade e o acceso ás vías principais para chegar aos puntos máis remotos. Deberíamos estudar a petición de desdoblamento da base de Ponteceso, así como a posibilidade de realizar un informe técnico desmontando os datos da Xunta.

U

O concelleiro do PP, o Sr. Amado Sambade indica que apoian a celebración da xuntanza do luns.

B

O Sr. Alcalde agradece a asistencia dos concelleiros que estiveron na xuntanza, dado que con isto deron unha imaxe de unión e intentaron expoñer os argumentos necesarios. Os argumentos que dan fanos en relación a datos inexactos. Se Vimianzo queda mal, como quedará Camariñas, por exemplo. O reconto sobre sinistralidade, ten truco, xa que non sempre se chama ao 112 para as sinistralidades, xa que se fai directamente ó GRUMIR. Oxala fose certo o que dixeron, que Vimianzo é o penúltimo concello que menos sinistralidade ten. Houbo moitas incongruencias na xuntanza. Falan das famosas isocronas, que trazan en círculos de menos de 20 minutos, entre 20 e 30 e máis de 30 minutos dende o GES ata calquera punto onde se poida producir unha sinistralidade, incluso indicandó que somentes o 3% queda a 30 minutos do GES, non entende como logo poden dicir que se un concello de Lugo renuncia, o Concello de Vimianzo pode pedir esta base. Debemos pelexar ata conseguilo. Consequimos unha cousa que é poñer os argumentos e que a opinión pública este do lado de Vimianzo. A nosa non é unha loita partidista, senon unha loita pola xustiza.

L

I

Segue para dicir que o Sr. Soto Pérez ten un problema, porque cando ben o Pleno ben un pouco contaminado. Explícalle que nunca dixo que viñera ao pleno para cobrar máis, polo que non entende a polémica xurdida para celebrar un pleno. E dille que non faga tanto caso a quen o esta manipulando e antes de vir o Pleno volva a escoitar a cinta na radio e que actúe un pouco máis libre iría moito mellor.

C


O Sr. Soto Pérez indica que actúa libremente, e é unha ofensa para él xa que non o manipulan.

A

O Sr. Alcalde dille que non actúe contaminado, ao mellor dínlllo para que patine. É unha pena, xa que está contento coa súa participación na xuntanza xa que contribuíu moito e pedíu que Vimianzo tivera a base de emerxencia.

Parécelle ben que se realice un informe. E indica que no dossier realizado polos traballadores do GRUMIR xa van os datos explícitos.

Insiste en que se pode encargar un informe. En canto ao do desdoblamento teremos que estudialo. Pedir a colaboración dos alcaldes dos outros concellos tamén considera que é unha boa idea, o de Zas xa manifestou que da o seu apoio, o de Camariñas tamén e espera que o resto tamén, xa que se debe ter unha visión supralocal. Segue para dicir que non piden que non sexa en Ponteceso, o que queren é que en



# Concello de Vimianzo

C  
O  
P  
I  
A  
  
P  
  
Ú  
B  
  
L  
I  
C  
A

Vimianzo tamén exista unha base, dado que xa existe e cun investimento de 600.000 euros e nunha situación económica crítica, considera un despilfarro que outro Concello faga outro investimento, cando en Vimianzo xa hai unha base.

Dado que hai alumnos do IES de Vimianzo asistentes no Pleno, o Sr. Alcalde faille unha breve explicación de cómo é a dinámica das sesións do Pleno.

De seguido o Sr. Rodríguez Blanco, indica que non asistiu a xuntanza da Xunta de Galicia, xa que foi o seu compañeiro, o Sr. Miñones Riveiro, considera que non é xusto que se perda este servizo, xa que os traballadores fan un traballo moi bo.

O Sr. Soto Pérez quere agradecer os veciños que asinaron o manifesto que o seu grupo lle presentou na xuntanza ao Vicepresidente da Xunta, xa que xuntaron case unhas 1000 sinaturas, tamén está expresamente a do alcalde de Camariñas, dentro desas sinaturas. O alcalde de Dumbría tamén estaba disposto a dar o seu apoio. O que se pide que se situe en Vimianzo o GES e ese apoio da forza para seguir loitando. Estamos pelexando por algo que non é so para Vimianzo.

Segue para dicir que felicita a quen tivo a iniciativa para que os alumnos asistiran a esta sesión, así poden ver como funciona todo e que non é todo tan dramático.

O Sr. Amado Sambade, indica que están totalmente de acordo e mostran o seu apoio para que quede en Vimianzo a base de emerxencias.

O Sr. Alcalde felicita a Corporación de Vimianzo que demostra unha unión clara e contundente na defensa para que o grumir quede en Vimianzo.

Explicalle aos alumnos asistentes que a política e participativa é certo -como se dixo- que hai moitas xuntanzas, comisións, xuntas de voceiros, para que todo sexa dinámico e transparente.

Rematado o turno de intervencións, por asentimento de todos os membros presentes dos grupos municipais, ACORDAN:

Solicitar aos concellos de Camariñas, Zas Dumbría e Muxía, a adopción de acordos plenarios manifestando o seu apoio para que Vimianzo conte coa base de emerxencia así como a realización dunha xuntanza de voceiros o luns, 4 de marzo de 2013, ás 10:00h sobre este asunto.

E non tendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e cincuenta minutos, pola presidencia dase por rematada a sesión da que se estende esta minuta- borrador a reserva dos termos que resulten da súa aprobación, en Vimianzo, o un de marzo de dous mil trece.

ALCALDE

A SECRETARIA ACC.